

FAMILIA XERANIACEAE

Xénero *Xeranium*

Geranium dissectum L.
Gargantilla



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

Anual ou bienal.

Follas simples fundamente divididas en segmentos lineares trifurcados á súa vez. Flores purpúreas con pétalos emarxinados. Florece en abril-setembro en toda Galicia.

Geranium lucidum L.
Xeranio brillante



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

Anual, glabra, a miúdo con talos e follas polo envés manchados de vermello; simples divididas en 5 segmentos.

Flores purpúreas con 5 pétalos. Florece en abril-agosto, en toda Galicia.

Geranium robertianum L.
Herba de San Roberto



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

Anual ou bienal.

Talos avermellados.

Follas simples fundamente divididas. Florece en abril-agosto en toda Galicia.

Xénero **Erodium**

***Erodium moschatum* (L.) L'Her.**

Agulla de pastor



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

Anual ou bienal, con talos pelosos.
Flores violáceas dispostas en umbelas.

Mericarpos levando no ápice
pequena folla glandular.

Florece en abril-setembro,
en lugares secos de toda Galicia,
en especial en zonas baixas.

*Texto adaptado, procedente de: García, X. R. (2008). Guía das plantas de Galicia (1ª ed.).
Vigo: Xerais.*

Ilustracións: Antía Ares Carril